

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DO COMERCIO PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE CUALIFICACIÓN E RECUALIFICACIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA EN SECTORES ESTRATÉXICOS E MELLORA DAS CAPACIDADES PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Santiago de Compostela, a 10 de xaneiro de 2023

### REUNIDOS

Dunha banda, M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, a Federación Galega de Comercio (en adiante, a Federación) sita en Ronda da Muralla 52 entresollado dereita, Lugo, e no seu nome e representación José María Florencio Seijas López, con DNI 33.810.002W, actuando en nome e representación da Federación Galega de Comercio CIF G27170158, na súa calidade de presidente dende o 25 de maio de 2021, data na que foi elixido durante unha Asamblea Xeral Extraordinaria Electoral celebrada en Lugo, en virtude das facultadas emanadas do artigo 28 dos Estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** A Federación Galega de Comercio (en adiante, a Federación) é unha entidade non lucrativa que aglutina as catro federacións provinciais de comercio (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra), integrada a un total de 151 asociacións sectoriais e locais e sendo interlocutora ante as diversas entidades públicas dos 55.000 comercios retalistas que existen actualmente en Galicia.

A Federación ten, entre outros obxectivos, a realización de accións de formación que contribúan a promover a profesionalización deste sector, contemplando as necesidades tanto do persoal por conta allea como dos autónomos, así como tamén á promoción do sector coa finalidade de aumentar a súa competitividade. No marco deses obxectivos, é un pilar fundamental a mellora da cualificación dos profesionais en activo que desenvolven a súa actividade no ámbito do pequeno comercio.

Para a consecución deses obxectivos, entre outras actuacións que desenvolve, está a coordinación das relacións institucionais e a interlocución coas Administracións para o desenvolvemento de actuacións de interese para o sector, así como tamén contribuír a mellorar a cualificación e a formación das empresas asociadas e do seu persoal, fomentando, coordinando e impartindo cursos, seminarios e programas formativos. De feito ven desenvolvendo dende hai anos programas de formación nos que combinan formación de carácter táctico, para responder ás necesidades formativas das empresas de xeito inmediato con programas de compoñente máis estratéxico e contribuír así activamente á competitividade do sector a longo prazo.

**Segundo.-** O sector do comercio forma parte esencial do sistema produtivo de calquera economía. As actividades do sector do comercio retalista representan en Galicia o 5% do valor engadido bruto e sitúase como a sexta actividade económica que aporta maior valor engadido bruto ao conxunto da economía galega.

Segundo os datos da última Enquisa Estrutural de Empresas que leva a cabo o INE, o número de establecementos de comercios retailistas en Galicia no ano 2019 foi de 33.154, o que supoñía o 60,5% do total do sector global do comercio: (Venta e reparación de vehículos de motor + Comercio polo xunto + Comercio ao retallo)

Hai que tamén ter en conta a heteroxeneidade do sector, tanto no que atinxe aos tipos de negocio como ao tamaño deses negocios e que teñen impacto directo nas consecuencias que lles ocasionou a crise sanitaria da Covid-19. Este sector é un dos máis afectados pola crise da Covid-19, xa sexa pola redución de ingresos como polo peche de establecementos e se ben xa nos datos de paro rexistrado se observa unha melloría (Marzo 2021: 17.588 /Marzo 2022: 15.134, o que supón unha baixada do -13,95%), aínda así os datos de paro rexistrado son superiores aos momentos previos a crise sanitaria. A importancia do sector na economía galegaponse de manifesto se temos en conta que se trata da CNAE (actividades económicas a catro díxitos) que emprega ao maior número de persoas, en concreto rexistrou 104.648 altas de afiliación segundo os datos a último día de marzo de 2022. Estamos ante unha das ramas de actividade que están a crear máis emprego en Galicia e concretamente foi a 5ª

que máis aumentou o número de afiliacións no conxunto das 99 ramas de actividade que conforman o noso tecido produtivo.

No que atinxe a evolución da contratación, apréciase tamén esa recuperación post-pandemia e así temos que os datos de contratación acumulada desde abril 2021 a marzo 2022, o volume de contratos acadou a cifra de 76.792 contratos, o que supuxo un aumento de 19.404 contratos cun aumento relativo do 33,81%.

**Terceiro.-** Este sector encárase na actualidade a un proceso de transformación vinculado ás novas tecnoloxías e procesos de transformación dixital, procesos ademais marcados por dificultades que poden ser limitantes como é a estrutura empresarial composta por negocios de pequeno tamaño con recursos máis limitados para poder afrontar os procesos de dixitalización e os custos que supón, así mesmo tamén está a necesidade dunha formación que forneza ao persoal do sector dos coñecementos apropiados para levar adiante estes procesos de transformación. Esas dificultades poden ser liquidadas a través do papel que a Federación, como entidade integradora do sector, pode levar a cabo a través da organización de accións de formación.

Todo isto fai necesario aumentar a formación do persoal favorecendo a aprendizaxe continua e a adaptación aos cambios en materia dixital e reducir a resistencia a eses cambios. Son necesarios perfís profesionais polivalentes e con competencias dixitais que poidan dar resposta a cuestións de organización, dixitalización, atención á clientela, etc., e por iso cómpre poñer en marcha medidas que fomenten a actualización e mellora das competencias laborais para afrontar os cambios tan rápidos que se están producindo.

Estas novas tecnoloxías están marcando xa o talento e capacidades demandadas polas empresas que integran o sector do comercio, de xeito que os profesionais deben adaptarse a estes retos dos procesos de transformación dixital, e esa transformación non ten porque supoñer destrución de emprego senón a unha reconversión dos empregos de maior valor engadido e nesa evolución é fundamental a formación e a mellora da empregabilidade para que os profesionais poidan dar respostas as necesidades que lles require uns mercados laborais tan dinámicos.

**Cuarto.-** Por eses motivos, entre os retos inmediatos do sector está a cualificación e recualificación profesional do persoal, que permita abordar os procesos de transformación que se están producindo e que redunden na profesionalización do sector, para o que é necesario ofrecer unha formación que contemple as necesidades tanto dos traballadores por conta allea como dos autónomos.

Xa no Estudo prospectivo do sector do comercio retalista en España-2017 elaborado polo Servizo Público de Emprego Estatal, se poñía de manifesto a existencia de carencias formativas no sector aínda que con diferencias segundo a actividade económica. Entre as áreas con maiores necesidades formativas detectadas figuraban as relacionadas coa atención ao público, coas tecnoloxías da información, tanto no uso de programas informáticos que afectan á xestión no traballo, como de internet, e tamén aparecen carencias en linguas estranxeiras.

Así mesmo no ano 2021 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade elaborou o Estudo de tecnoloxías emerxentes para a transformación da formación para o emprego coa finalidade de anticiparse as consecuencias e efectos que van supoñer os procesos de transformación no mercado laboral e, polo tanto, na vida diaria das persoas traballadoras e das empresas, amosando nos seus resultados que se advirte a existencia dun déficit de persoas cualificadas nas novas tecnoloxías, o que fai necesario actuar en varios ámbitos, sendo un deles o da formación, sobre todo no que atinxe a dar resposta ao cambio na demanda de competencias e cualificacións que vai ter que afrontar o emprego nos próximos anos.

O estudo realizou unha análise e detección de necesidades formativas baseadas na implantación de 14 tecnoloxías emerxentes, especialmente potenciadas polo efecto da COVID-19, para tratar de prever os futuros requirimentos formativos que serán demandados desde o noso mercado en determinados sectores produtivos aos que tamén están vencelladas determinadas económicas do sector do comercio retalista.


**Quinto.-** A actuación da Federación, como entidade que aglutina ás empresas do sector do comercio retalista en Galicia, constitúe unha alternativa coaduvante da acción pública cara a paliar o desequilibrio entre os niveis de cualificación da poboación activa e as necesidades futuras do mercado laboral. A Federación, polos seus propios obxectivos, ten o coñecemento de base para anticiparse ás necesidades da mellora da formación, favorecendo e promovendo a capacitación profesional do persoal das empresas que o integran e que lles permita impulsar a súa produtividade e competitividade e facer fronte así ás oportunidades de negocio que os mercados ofrecen.

**Sexto.-** O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución Española, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

**Sétimo.-** A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación ten, entre outras, as competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de cualificación profesional, promoción da empregabilidade e formación profesional para o emprego e, singularmente, a coordinación da participación das entidades colaboradoras, sen ánimo de lucro, na execución e desenvolvemento dos servizos de políticas activas de emprego, a través da colaboración público-privada.

De conformidade co exposto, correspóndelle a esta consellería a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego entre as que están as medidas dirixidas a responder ás necesidades de formación e cualificación das persoas co fin de promover a aprendizaxe ao longo da vida, a promover unha oferta formativa de acordo coas necesidades dun mercado laboral cambiante axustando mellor as competencias e facilitando as transicións laborais, a mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas e ocupadas, ao mantemento do emprego e a progresión profesional das persoas ocupadas mediante a mellora e a actualización das súas cualificacións, no marco da Estratexia europea para o emprego, do Programa nacional de reformas, do respectivo Plan anual de política de emprego (PAPE) e no eido da colaboración institucional .

**Oitavo.-** O Consello Europeo aprobou o pasado 21 de xullo de 2020 o instrumento financeiro Next Generation EU, que inclúe como elemento central, un Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, permitindo levar a cabo reformas tanto a nivel nacional como en cogobernanza coas Comunidades Autónomas con competencias transferidas.

 En liña co anterior, o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021 aprobou o Proxecto de Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España e este foi aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021.

**Noveno.-** O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia inclúe como compoñente 20 o Plan estratéxico de Impulso á Formación Profesional, que supón a continuidade do Plan de Modernización da Formación Profesional. Entre as inversións dese compoñente 20 está a inversión 1, denominada "Reskilling y Upskilling de la población activa ligado a cualificaciones profesionales" entre cuxas liñas de actuación figura a número 4, que atende á formación en competencias emerxentes, de rápida evolución e con prospectiva na xeración de emprego. Así mesmo, atende tamén á formación naqueles sectores que, como consecuencia da previsible evolución das condicións económicas e sociais, xerarán no futuro postos de traballo.

**Décimo.-** As actuacións incluídas no Plan de Modernización da Formación Profesional execútanse, entre outros, a través dos créditos que se distribúen ás Comunidades Autónomas e estando financiadas esas actuacións polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, establecido polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19 e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021.

Con data 16 de novembro de 2021 o Consello de Ministros aprobou o Acordo polo que se autoriza a proposta de distribución territorial e os criterios de reparto dos créditos xestionados polas comunidades autónomas destinados ao desenvolvemento de accións de cualificación e recualificación da poboación activa para o ano 2021.

Nas sesións da Conferencia Sectorial do Sistema de Cualificacións e Formación Profesional para o Emprego celebradas os días 1 de decembro de 2021 e 30 de maio de 2022, aprobáronse os criterios de reparto e a distribución resultante entre as comunidades autónomas para os anos 2021 e 2022 respectivamente, dos fondos destinados a financiar a cualificación e recualificación profesional da poboación activa mediante accións formativas de carácter non formal vinculadas a cualificacións profesionais incluídas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais así como accións de acompañamento no procedemento de acreditación de competencias.

**Décimo primeiro.-** A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso, exprésase o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

**Décimo segundo.-** Dado o carácter singular das actuacións que se van desenvolver en base a razóns de interese social e ao interese prioritario de establecer unha colaboración o máis estreita posible entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación para o desenvolvemento dalgunhas das medidas previstas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que corresponde executar á Comunidade Autónoma de Galicia, neste caso, Reskilling e upskilling da poboación activa ligada a cualificacións profesionais (Compoñente 20-Inversión I.1), estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrència pública para os efectos da subscripción deste convenio, pois a Federación resulta un axente idóneo, tanto polo seu amplo coñecemento do

sector do comercio galego posto de manifesto nas funcións que ven desenvolvendo como por integrar entre os seus membros ás empresas que forman parte do sector e pola súa condición de entidade representativa deste sector, polo que se inclúe dentro da excepción ao principio de concorrència pública de conformidade co previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Décimo terceiro.-** En virtude do anterior, e acreditado que a Federación cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto do convenio

1. O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Federación e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a realización de accións formativas, de carácter non formal, de cualificación e recualificación da poboación activa no sector do comercio retalista que se axusten ás necesidades máis inmediatas de formación do capital humano das empresas que integran o sector e que permita a actualización das competencias profesionais ou a adquisición doutras novas no marco sectorial e empresarial do sector do comercio retalista e que, con carácter orientativo, poden ser as recollidas no Anexo I deste convenio e que deberán ter vinculación co Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

2. Ademais das accións formativas, poden realizarse tamén accións de acompañamento para o procedemento de acreditación das competencias como poden ser, entre outras, a información e difusión dese procedemento, a asistencia para a configuración do portafolios documental da persoa candidata, a asistencia para a inscrición no procedemento e calquera outra acción que pida contribuír á acreditación das competencias profesionais. En todo caso, ese acompañamento limitarase a aquelas persoas que participen na acción formativa e así o soliciten.

3. As accións formativas a desenvolver serán de carácter non formal pero cun referente no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais que acheguen de forma inmediata a formación e que permita a súa futura acreditación formal a través do procedemento de recoñecemento da competencia profesional adquirida pola experiencia laboral recollido no Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo.

Deste xeito, as accións formativas deberán identificar nos seus contidos formativos a unidade ou unidades de competencia das cualificacións profesionais incluídas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais na que se describen as realizacións profesionais para as que se oferta a formación.

4. Todas as accións formativas que se programen contarán cun mínimo de 30 horas e un máximo de 60 horas de formación non formal.

5. O prazo de execución das accións a desenvolver ao abeiro deste convenio comprenderá dende o 2 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2023.

### Segunda.- Compromisos das partes

A Federación comprométese a utilizar os medios materiais e persoais que resulten necesarios para desenvolver o obxecto do convenio, ademais dos coñecementos e experiencia previa para o deseño, organización e desenvolvemento da coordinación das accións formativas de cualificación e recualificación obxecto do presente convenio.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade colaborará no financiamento dos gastos derivados deste programa de conformidade co establecido na cláusula cuarta.

### Terceira.- Marco normativo específico de aplicación ao Convenio relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O marco normativo básico reitor deste instrumento, sen prexuízo da normativa en materia de subvencións, e especificamente no relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation, ven representado polas seguintes disposicións:

**Regulamento (UE) 2020/2094**, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19

**Regulamento (UE) 2021/241**, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)

**Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia** (PRTR) de España (aprobado o 16/06/2021 por Decisión do Consello de Europa)

**Real decreto lei 36/2020**, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR

**Lei 9/2021**, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

**Orde HFP/1030/2021**, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR

**Orde HFP/1031/2021**, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

#### **Cuarta.- Financiamento e contía da subvención**

1. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade achegará a cantidade total de cincocentos sesenta e un mil setecentos euros (561.700 €) con cargo á aplicación orzamentaria 11.50.323B.4811 (código de proxecto 2022 00172) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento do obxecto do convenio e no marco do *"Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU"*.

Poderá incrementarse esta cantidade total como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito. A modificación do crédito dispoñible realizarase mediante a sinatura dunha addenda.

Este convenio de colaboración tramítase ao abeiro do disposto no artigo 25 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, polo que a concesión das subvencións queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

2. O importe do módulo por persoa formada será de 245 euros no caso de que sexa unha formación mínima de 30 horas e de 549 euros por persoa formada para o caso de que sexa unha acción formativa de 60 horas, sendo eses importes proporcionais ao número de horas maiores de 30 e menores de 60 horas, en base a aplicación dun axuste lineal. O módulo máximo de subvención será con independencia de que a acción formativa teña unha duración superior ás 60 horas.

Entenderase por persoa formada toda aquela que finaliza a totalidade da acción formativa. Na modalidade presencial considerarase persoa alumna formada aquela que asista ao 100% das horas da dita acción formativa. Aquelas persoas inscritas na acción formativa, pero que non a finalizaran, considerarase como gasto subvencionable o 15% do módulo aplicable, debendo acreditarse, no seu caso, a inscrición formal e a realización de, polo menos, un 15% das horas totais da acción formativa.

No caso da modalidade de teleformación, entenderase como persoa alumna formada aquela que supere a totalidade dos controis propostos da correspondente acción, sempre que acredite unha permanencia mínima de conexión do 30% das horas do curso.

#### Quinta .- Gastos subvencionables

1. O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos aos seguintes conceptos subvencionables ao abeiro deste convenio, conforme aos artigos 28 e 29 da Lei de subvencións de Galicia, así como ao establecido no artigo 17 do Regulamento (UE) do Parlamento Europeo e do Consello, 2021/24, non tendo o carácter de recorrente. Serán susceptibles de formar parte do módulo de gasto por persoa formada, os seguintes:

a) Gastos dirixidos á formación para a cualificación e recualificación da poboación activa no sector do comercio retalista a través de accións formativas referenciadas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, incluíndo todos os custos indubidablemente vinculados á formación, tales como gastos organizativos, gastos directos e indirectos que puideran xerarse como consecuencia da programación, difusión, implementación, seguimento, avaliación e certificación das actividades formativas, gastos do persoal formador, gastos de aluguer, infraestruturas físicas ou telemáticas e outros gastos asociados.

b) Gastos asociados ao acompañamento para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral, de ser o caso.

2. O conxunto dos gastos recollidos no apartado anterior desta cláusula non poderán superar, para o total de persoas formadas, a contía modular establecida no apartado segundo da cláusula cuarta deste convenio.

3. O importe destas subvencións non constitúen unha axuda de Estado nos termos previstos nos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE), dado que as medidas obxecto do presente convenio realízanse no ámbito da educación pública, polo que se considera actividade non económica, ámbito exento das axudas de Estado, segundo o apartado 2.5 da Comunicación da Comisión relativa ao concepto de axuda estatal conforme ao disposto no artigo 107, apartado 1, do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

### Sexta.- Subcontratación

1. A entidade beneficiaria poderá subcontratar ata o 100% da acción formativa, de acordo co establecido no artigo no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

2. Para o caso de que a impartición da formación se efectúe a través da contratación con outra entidade, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores non vinculados entre si, con carácter previo á contratación do servizo, salvo que, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, nos termos do artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As ofertas presentadas deberán conter os mesmos conceptos ofertados.

No caso de renuncia dunha ou máis das entidades que presentaran as ofertas, estas deberán ser substituídas por outras ata acadar o mínimo de tres exigido.

A elección entre as tres ofertas presentadas, que se deberán achegar na xustificación, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposición económica máis vantaxosa.

3. En ningún caso se poderá concertar, total ou parcialmente, a prestación ou adquisición de servizos ou subministracións necesarios para a execución da actividade subvencionada cunha persoa ou entidade vinculada coa entidade beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª. Que se obteña a autorización previa da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

Entenderanse por empresas vinculadas aquelas que se atopen nalgunha das situacións previstas no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A carga da proba de que a contratación se realiza en condicións normais de mercado corresponderá á entidade beneficiaria. A Administración actuante determinará a suficiencia ou insuficiencia da xustificación presentada.

4. Imputaranse a este concepto os gastos de subcontratación exclusivamente derivados da actuación que se axusten ao establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non poderá realizarse a subcontratación con persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias consignadas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O importe facturado pola empresa subcontratada, en relación cos custos nos que incorra para a prestación do servizo, non poderá superar as porcentaxes de gastos xerais de estrutura do contrato de obra que estableza a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, en virtude da previsión establecida no artigo 131.1 do Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

5. No caso de que se subcontrate todo ou parte da acción formativa, deberán de preverse os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran co principio de "non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente" así como o previsto no artigo 8 da anteriormente citada Orden MFP 1030/2021, do 29 de setembro (Anexo II).

6. Nos contratos que se subscriban para acordar a subcontratación, deberá acreditarse que se recollen as garantías precisas para o tratamento de datos de carácter persoal, debendo incluír as

cláusulas necesarias para o seu cumprimento, consonte ao establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Anexo IV).

### Sétima.- Xustificación e pagamento

1. A xustificación da subvención realízase a través do réxime de módulos, de acordo co establecido nos artigos 52 a 55 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, e os artigos 76 a 79 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. Para implementar o dito réxime de módulos, neste convenio tivéronse en conta como referencia os módulos económicos que por parte da Secretaría Xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación e Formación Profesional se estableceron para subvencionar accións formativas desta liña de cualificación e recualificación no marco do compoñente 20 do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

2. A Federación, no prazo de dous meses computado desde a finalización das actuacións previstas neste convenio e, en todo caso, o 15 de decembro de 2023, presentará ante a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a xustificación do cumprimento das actuacións subvencionadas e dos gastos realizados mediante o réxime de módulos.

Segundo o artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia os gastos vinculados á formación deben ser aboados con data límite o 14 de decembro.

3. A xustificación presentárase por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e incluírá a seguinte documentación que deberá presentar a entidade beneficiaria para xustificar os obxectivos e fitos aos que se dá cumprimento coa axuda concedida, de conformidade cos mecanismos de verificación establecidos:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das obrigas establecidas no convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica xustificativa que conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

1.º Acreditación ou declaración polo beneficiario do número de unidades físicas consideradas como módulos, é dicir, o número de participantes que remataron a acción formativa e, se é o caso, as accións de acompañamento para o procedemento de acreditación das competencias.

2.º Contía global da subvención xustificada, calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación presentada conforme aos módulos contemplados no apartado segundo da cláusula cuarta do presente convenio. A liquidación da subvención realizarase en función das persoas participantes que remataron a totalidade da acción formativa. A liquidación non poderá superar a contía global da subvención concedida prevista no apartado primeiro da cláusula cuarta do convenio. O cálculo realizarase considerando o número de participantes que remataron a acción formativa polo módulo económico correspondente.

Para a xustificación da actividade subvencionada achegaranse ademais unha memoria relativa ás persoas participantes na acción formativa xunto cunha certificación da entidade beneficiaria que inclúa a relación de persoas participantes por cada acción formativa, indicando para cada persoa o período de permanencia na acción formativa.

c) Declaración responsable de non exceder os límites na imputación de custos relativos á subcontratación da docencia a través dun servizo externo. Aplicarase para tal fin o disposto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, en relación coas porcentaxes máximas de gastos xerais de estrutura do contrato de obra.

d) Para o caso de que a impartición da formación se efectúe a través da contratación con outra entidade, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, memoria xustificativa da elección entre as tres ofertas presentadas cando a elección non recaia na proposición económica máis vantaxosa.

e) Calquera outra documentación xustificativa ou informes que, de acordo coa normativa nacional ou europea, resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación.

Ao abeiro do disposto no artigo 55 do Decreto 11/2009 polo que se regula o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, e no artigo 79 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, os beneficiarios estarán dispensados da obrigaón de presentación de libros, rexistros e documentos de transcendencia contable ou mercantil ou calquera outra documentación xustificativa dos gastos

realizados, sen prexuízo da obrigaón do beneficiario de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das correspondentes actuacións de comprobación e control, segundo dispón o artigo 14.1. g) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, así como de calquera outra obriga derivada da normativa estatal ou da Unión Europea que así o esixa.

4. O persoal técnico da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación realizará a correspondente comprobación técnico-económica. No suposto de que a documentación presentada non cumpra cos requisitos sinalados neste convenio, conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase á entidade beneficiaria a súa emenda.

Se da dita comprobación resultase o incumprimento, total ou parcial, dos fins para os que foi concedida a subvención, das obrigas previstas no convenio ou dos requisitos establecidos para a xustificación, comunicarse tal circunstancia á entidade beneficiaria xunto aos resultados da comprobación técnica e económica e iniciarse, de ser o caso, o procedemento de reintegro total ou parcial da subvención.

#### **Oitava .- Pagamentos anticipados e liquidación**

Logo da sinatura do convenio, poderán realizarse pagamentos anticipados por un importe de ata o 80% da subvención correspondente ás persoas participantes previstas na acción formativa, segundo o disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia .

Os anticipos deberán ser solicitados polas entidades beneficiarias xunto coas seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento anticipado.
- Declaración responsable segundo o previsto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 10, 11 e 12 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de que a entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 63.2 e 67 do mesmo corpo legal, a Federación queda exonerada da constitución de garantías.

Respecto da liquidación, con data límite o 15 de decembro de 2023, a Federación presentará a xustificación das accións realizadas mediante a documentación e cos requisitos recollidos na cláusula sétima e, unha vez comprobada, aboaráselle a liquidación que proceda.

### Novena.- Obrigas das partes

A Federación está obrigada a:

1. Desenvolver as actuacións recollidas neste convenio e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade prevista.
2. Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia ou polo Estado. Singularmente e atendendo ao seu financiamento, resulta aplicable o artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 conforme ao cal os *perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe desta financiación e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiación adecuada que indique "financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU", en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.*
3. Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que implican as actuacións derivadas da execución do convenio e, en consecuencia, achegar a declaración responsable ou certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda co Administración pública da comunidade autónoma.
4. Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

5. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control; así como das instancias comunitarias competentes a efectos dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

6. Conservar a documentación xustificativa da aplicación dos fondos percibidos durante un período de cinco anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación segundo o artigo 22.2.f do Regulamento (UE) 2021/241, que remite ao respecto ao disposto no artigo 132 do Regulamento Financeiro).

7. Presentar, antes da sinatura deste convenio, e tamén coa xustificación da realización das actividades obxecto do mesmo, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10, 11 e 13 do Regulamento da citada lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

8. Informar ao alumnado, con carácter previo ao inicio das accións formativas, do carácter non formal da formación a recibir e da necesidade da súa posterior acreditación a través dos procedementos que, en base ao Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, permanecen abertos na Comunidade Autónoma de Galicia, ou de aqueles que no mesmo marco normativo, puideran arbitrarse de xeito singular.

9. Reintegrar a contía percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas no convenio para a súa percepción.

10. Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigada a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

11. As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De acordo co previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 e no Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos, a Administración comprométese a garantir o cumprimento do principio de "non causar dano significativo" (principio "do no significant harm – DNSH") e o relativo a etiquetaxe verde e dixital.

En relación co cumprimento do principio de "non causar dano significativo", o beneficiario da subvención con carácter previo á sinatura do convenio, deberá achegar unha declaración responsable segundo o modelo establecido como Anexo II deste convenio en base ao cuestionario de autoavaliación que se atopa no seguinte enderezo do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o reto demográfico: [https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/recuperacion-transformacion-resiliencia/transicion-verde/cuestionariodnshmitecov20\\_tcm30-529213.pdf](https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/recuperacion-transformacion-resiliencia/transicion-verde/cuestionariodnshmitecov20_tcm30-529213.pdf), e seguindo as directrices recollidas na Comunicación da Comisión Europea (2021/C 58/01), «Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia».

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá contribuír aos obxectivos de soberanía dixital e autonomía estratéxica da Unión Europea, así como garantir a cadea de subministro tendo en conta o contexto internacional e a dispoñibilidade de calquera compoñente ou subsistema tecnolóxico que poida formar parte da solución, mediante a adquisición, cando proceda, de equipos, compoñentes, integracións de sistemas e software asociado a provedores situados na Unión Europea.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas polo importe establecido na cláusula cuarta.

Así mesmo, en orde a dar cumprimento a obriga de prevención, detección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses como refire o artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 conforme ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro do 2021, en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea, sublíñase a existencia da canle de denuncias do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA), que resulta aplicable para todo proxecto ou operación financiado total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea (<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>), como sinala a Comunicación 1/2017, de 6 de abril, do dito Servizo co obxectivo de que calquera persoa que teña coñecemento de

feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, podan poñelos en coñecemento do devandito Servizo.

A subvención regulada neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entidade, pública ou privada. Deberá quedar, en todo caso, identificada nitidamente a trazabilidade dos gastos. Con todo, estas subvencións son incompatibles coa recepción doutros fondos comunitarios para a execución dos mesmos proxectos, non podéndose incurrir en dobre financiamento.

Conforme ao artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, os proxectos financiados polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia poden recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo que os que xa financie a subvención deste programa. O beneficiario deberá comunicar á Administración concedente a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade sen incurrir en dobre financiamento sobre o mesmo custo, procedentes de calquera outras Administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais.

#### **Décima.- Obrigas en relación coa execución da actividade formativa.**

1. A formación poderá realizarse de modo presencial, teleformación ou mixta.

Na modalidade presencial poderá empregarse a aula virtual, que sempre deberá ser o "Campus Virtual de formación para o emprego" que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade poñerá ao seu dispor. Nestes supostos será necesario que todos os alumnos cumpran os requisitos técnicos requiridos, incluíndo o mantemento da cámara web acesa en todo momento.

Na modalidade de teleformación o uso do "Campus Virtual de formación para o emprego" será opcional. As plataformas de teleformación alternativas deberán cumprir os criterios técnicos e de calidade que se especifiquen nas instrucións para a xestión das accións formativas deste convenio e deben estar a disposición da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación ao menos durante os tres anos seguintes á finalización da formación a efectos de control e seguimento.

Para levar a cabo as sesións que requiran presenza física permitirase o uso das instalacións dos centros propios de formación profesional para o emprego dependentes da Consellería de Promoción do

Emprego e Igualdade sempre e cando sexa posible e non incida na programación de accións formativas do centro.

A participación do alumnado nas accións formativas a impartir na modalidade presencial, tanto nun lugar físico como en aula virtual, ou na parte presencial da modalidade mixta non será superior a 8 horas diarias e 40 semanais.

2. A Federación comprométese a empregar a aplicación SIFO para a execución das accións formativas, na que rexistrarán o calendario de realización das accións formativas, a relación do alumnado e profesorado e as súas asistencias por acción formativa e día.

O control de presenza realizarase mediante un sistema de control biométrico compatible co sistema establecido polo Servizo Público de Emprego de Galicia. Cando as accións formativas se impartan na modalidade presencial en aula virtual, os datos de asistencia deberán ser mecanizados pola entidade beneficiaria no sistema informático SIFO nos cinco días hábiles seguintes á realización da acción formativa.

3. O inicio das accións formativas requirirá a validación previa, a través da aplicación informática SIFO, do cumprimento de requisitos e condicións por parte do persoal técnico da unidade administrativa competente.

Non poderá iniciarse ningunha acción formativa se non se reúne un mínimo de 5 persoas alumnas o primeiro día e, na modalidade de teleformación, o número máximo de participantes será de 80 persoas por acción formativa.

4. Na formación impartida na modalidade de teleformación, realizarase como mínimo unha avaliación cada 15 horas de xeito que se acredite que o alumnado realizou o itinerario formativo de acordo coa secuencia deseñada para os contidos da acción formativa e que realizou os exercicios e/ou probas que se determinen pola entidade. Para acreditar a superación da acción formativa requirirase unha permanencia mínima de conexión do 30% das horas do curso.

#### Décimo primeira.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ou calquera organismo ou entidade

dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

### Décimo segunda.- Resolución do convenio

Serán causas de resolución do Convenio, as seguintes:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- As modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade .
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Ademais disto, o incumprimento total dos fins do convenio, a non realización das actividades previstas ou o incumprimento da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da contía xa percibida.

Calquera outro incumprimento parcial dos fins do convenio ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro ao Tesouro da Xunta de Galicia das contías xa aboadas na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a subscripción do convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía contemplada no presente convenio.

### Décimo terceira- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión paritaria de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, por dúas persoas funcionarias da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, e dúas persoas por parte da Federación.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### Décimo cuarta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e rexerese polas súas propias cláusulas. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para entender dos litixios que puideran xurdir.

En todo o non sinalado estarase ao previsto pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu Regulamento, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.

### Décimo quinta.- Autorización e publicidade

A Federación autoriza á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

#### **Décimo sexta.- Protección de datos.**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

#### **Décimo sétima.- Publicidade e información.**

A Federación deberá cumprir coas seguintes obrigas en materia de publicidade e información:

a) As relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, conforme á normativa europea e nacional que resulte aplicable. En particular, e en defecto de que se aprobe unha previsión máis específica ao respecto por orde ministerial do Ministerio de Facenda e Función Pública, nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolvan inversións (carteis informativos, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados, etc.), deberá incluírse o emblema da Unión Europea, que incorpora o texto <<Financiado por la Unión Europea-NextGenerationEU>>. Deberán terse en conta as normas gráficas e cores normalizadas establecidos no Anexo II do Regulamento de Execución 821/2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consejo no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, á presentación de información sobre os instrumentos financeiros, ás características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións e ó sistema para o rexistro e almacenamento de datos. Tamén se pode consultar a seguinte páxina web: <http://publications.europa.eu/code/es/es-5000100.htm> e descargar distintos exemplos do emblema en: [https://europa.eu/european-union/about-eu/symbols/flag\\_es#download](https://europa.eu/european-union/about-eu/symbols/flag_es#download)

b) As establecidas no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste sentido, toda referencia en calquera medio de difusión sobre as actuacións obxecto do convenio deberá incluír que está financiada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Ministerio de Educación e Formación Profesional.

O incumprimento desta obriga considerárase infracción leve, de acordo co artigo 54.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e sancionárase cunha multa fixa nos termos previstos no artigo 57 da dita lei. Así mesmo, poderá ser causa de reintegro, de acordo co establecido no artigo 33.1.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 75 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

#### **Décimo oitava.- Réxime de modificación**

O contido deste convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes, a través da sinatura dunha addenda.

Neste sentido e segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios suscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxetivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Estas modificacións terán como fin a reducción do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **Décimo novena.-Vixencia**

O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Por acordo das partes e no Marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, este convenio poderá ser obxecto de prórroga.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asinan e rubrican o exemplar no lugar e data indicados.

Santiago de Compostela, a 10 de xaneiro de 2023

A Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

Federación Galega do Comercio

Mª Jesús Lorenzana Somoza


José María Florencio Seijas López

**Anexo I**
**Proposta formativa de referencia**
**(con referencia ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais)**

Denominación acción formativa	Referencia a CNCP	Horas	Nº alumnos/as	Nº de edicións	Modalidade de impartición	Prezo por módulo	Custe
ATENCIÓN Ó CLIENTE E CALIDADE DO SERVIZO	UC0241_2 Executar as accións do servizo de atención ó cliente/consumidor/usuario	30	20	1	Teleformación	245	4.900,00
XESTIÓN E CONTROL DE COMPRAS E STOCK EN ALMACÉN	UC1005_3 Colaborar na optimización da cadea loxística cos criterios establecidos pola organización	30	20	1	Teleformación	245	4.900,00
MARKETING ONLINE: DESEÑO E PROMOCIÓN DE SITIOS WEB	UC2383_3 Definir a estratexia de mercadotecnia dixital	30	20	1	Teleformación	245	4.900,00
REDES SOCIAIS	UC2381_3 Xestionar a estratexia de comunicación baseada en redes sociais	30	20	1	Teleformación	245	4.900,00
CIBERSEGURIDADE PERSONAL E LABORAL	UC0959_2 Manter a seguridade dos subsistemas físicos e lóxicos nos sistemas informáticos	40	20	1	Teleformación	346	6.920,00
CONTABILIDADE	UC0981_2 Facer rexistros contables.	50	120	6	Teleformación	448	53.760,00
OFICINA: APLICACIONES INFORMÁTICAS DE XESTIÓN	UC0233_2 Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e documentación	50	80	4	Teleformación	448	35.840,00
ESPECIALISTA EN E-COMMERCE	UC2387_3 Xestionar plataformas de comercio electrónico	50	40	2	Teleformación	448	17.920,00
COMMUNITY MANAGER	UC2381_3 Xestionar a estratexia de comunicación baseada en redes sociais	50	60	3	Teleformación	448	26.880,00
ANÁLITICA WEB E PLAN DE MARKETING DIXITAL	UC2384_3 Xestionar un plan de marketing dixital	50	60	3	Teleformación	448	26.880,00

Denominación acción formativa	Referencia a CNCP	Horas	Nº alumnos/as	Nº de ediciones	Modalidade de impartición	Prezo por módulo	Custe
INGLÉS Nivel A2.2	UC9998_2 Comunicarse en lingua inglesa cun nivel de usuario básico (a2), segundo o marco común europeo de referencia para as linguas, no ámbito profesional.	50	20	1	Teleformación	448	8.960,00
XESTIÓN SOSTIBLE DOS RESIDUOS	UC2305_2 Efectuar a recollida e tratamento de residuos comerciais e industriais	50	60	3	Teleformación	448	26.880,00
HABILIDADES COMERCIAIS	UC1000_3 Obter e procesar a información necesaria para a definición de estratexias e actuacións comerciais.	60	80	4	Teleformación	549	43.920,00
TENDA VIRTUAL: PRE-TASHOP	UC0239_2 Realizar a venda de produtos e/ou servizos a través das diferentes canles de comercialización	60	20	1	Teleformación	549	10.980,00
POSICIONAMENTO WEB SEO/SEM	UC2385_3 Xestionar o posicionamento orgánico do motor de busca (seo) / UC2386_3 Xestionar o posicionamento do motor de busca con métodos de pago (sem)	60	20	1	Teleformación	549	10.980,00
HABILIDADES DIRECTIVAS E XESTIÓN DE EQUIPOS	UC1001_3 Xestionar a forza de vendas e coordinar o equipo de comerciais	60	140	7	Teleformación	549	76.860,00
INGLÉS Nivel B1.1	UC9999_2 Comunicarse en lingua inglesa cun nivel de usuario independente (b1), segundo o marco común europeo de referencia para as linguas, no ámbito profesional	50	20	1	Teleformación	448	8.960,00
INGLÉS Nivel A2.1	UC9998_2 Comunicarse en lingua inglesa cun nivel de usuario básico (a2), segundo o marco común europeo de referencia para as linguas, no ámbito profesional.	50	20	1	Teleformación	448	8.960,00

Denominación acción formativa	Referencia a CNCP	Horas	Nº alumnos/as	Nº de ediciones	Modalidade de impartición	Prezo por módulo	Custe
PAQUETE OFFICE: EXCEL	UC0233_2 Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e documentación	60	100	5	Teleformación	549	54.900,00
TÉCNICAS DE NEGOCIACIÓN E VENDA	UC0239_2 Realizar a venda de produtos e/ou servizos a través das diferentes canles de comercialización	60	60	3	Teleformación	549	32.940,00
HABILIDADES DE XESTIÓN E COMUNICACIÓN	UC2381_3 Xestionar a estratexia de comunicación baseada en redes sociais	50	40	2	Teleformación	448	17.920,00
WORDPRESS	UC0239_2 Realizar a venda de produtos e/ou servizos a través das diferentes canles de comercialización	30	40	2	Teleformación	245	9.800,00
MARKETING DIXITAL	UC2384_3 Xestionar un plan de marketing dixital	60	40	2	Teleformación	549	21.960,00
SEO	UC2385_3 Xestionar o posicionamento orgánico do motor de busca (seo)	60	40	2	Teleformación	549	21.960,00
CIBERSEGURIDADE	UC0959_2 Manter a seguridade dos subsistemas físicos e lóxicos nos sistemas informáticos	50	40	2	Teleformación	448	17.920,00
							<b>561.700,00</b>



## Anexo II

### Non causar prexuízo significativo aos seis obxectivos medio ambientais

Modelo de declaración responsable sobre o cumprimento do principio de non prexuízo significativo aos seis obxectivos medio ambientais (DNSH) no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852

#### O/A declarante

Nome e apelidos	JOSE MARIA FLORENCIO SEIDAS LOPEZ
en calidade de	REPRESENTANTE LEGAL
con NIF	33810002W
en representación de	Federación Galega do Comercio
con NIF	627170158

#### Declara baixo a súa responsabilidade:

Que a Federación Galega do Comercio (en adiante, a Federación), entidade á que representa, tendo en conta todas as fases do ciclo de vida do proxecto ou actividade a desenvolver, tanto durante a súa implantación como ao final da súa vida útil, cumprirá co principio DNSH de "non causar un prexuízo significativo" esixido polo Regulamento (UE) 2021/241, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, de xeito que:

1. Non causa un prexuízo significativo aos seis obxectivos medio ambientais do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 (2), que se enumeran de seguido:

- a) *Mitigación del cambio climático* - considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á mitigación do cambio climático se da lugar a considerables emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI).
- b) *Adaptación ao cambio climático* - considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á adaptación ao cambio climático se provoca un aumento dos efectos adversos das condicións climáticas actuais e das previstas no futuro, sobre si mesma ou nas persoas, a natureza ou os activos.
- c) *Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños* - considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á utilización e protección sostibles dos recursos hídricos e

mariños se vai en detrimento do bo estado ou do bo potencial ecolóxico das masas de auga, incluídas as superficiais e as subterráneas, e do bo estado ecolóxico das augas mariñas.

- d) *Economía circular, incluídos a prevención e reciclaxe de residuos* – considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos, se xera importantes ineficacias no uso de materiais ou no uso directo ou indirecto de recursos naturais; se da lugar a un *aumento significativo da xeración de residuos, o tratamento mecánico-biolóxico, incineración ou depósito en vertedoiro de residuos; ou se a eliminación de residuos a longo prazo pode causar un prexuízo significativo e a longo prazo para o medio ambiente.*
- e) *Prevención e control da contaminación á atmosfera, o auga ou o chan* – considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á prevención e o control da contaminación cando da lugar a un aumento significativo das emisións contaminantes á atmosfera, o auga ou o chan.
- f) *Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas* – considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas cando vai en gran medida en detrimento das boas condicións e a resiliencia dos ecosistemas, ou vai en detrimento do estado de conservación dos hábitats e as especies, en particular de aqueles de interese para a Unión.


2. A Federación non desenvolve actividades excluídas segundo o indicado pola Guía técnica sobre a aplicación do principio de "non causar un prexuízo significativo" en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

As actividades excluídas son:

- Refinerías de petróleo
- Centrais térmicas de carbón e extracción de combustibles fósiles
- Xeración de electricidade e/ou calor usando combustibles fósiles e relacionados coa súa infraestrutura de transporte e distribución
- Eliminación de refugallos (por exemplo, nucleares, que poidan causar danos a longo prazo ao medio ambiente)
- Inversións en instalacións para a deposición de residuos en vertedoiros ou inversións en plantas de tratamento biolóxico mecánico (MBT) que impliquen un aumento da súa capacidade ou da súa vida útil (agás plantas de tratamento de residuos perigosos non reciclables)

3. A Federación non prevé efectos directos do proxecto ou actividade a desenvolver sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios, entendendo como tales aqueles que puideran materializarse, tras a súa finalización, unha vez realizado o proxecto ou actividade.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecido na presente declaración dará, previo o oportuno procedemento de reintegro, a obriga de devolver as axudas percibidas e os intereses de mora correspondentes.



**ANEXO III (DACI)**

**CONVENIO FINANCIADO CON CARGO AO ORZAMENTO DA UNIÓN EUROPEA**

**CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DO COMERCIO, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE CUALIFICACIÓN E RECUALIFICACIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA EN SECTORES ESTRATÉXICOS E MELLORA DAS CAPACIDADES PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de subvención arriba referenciado, o abaixo asinante, como participante no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara:

PRIMEIRO: Estar informado do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»
2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.
3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:
  - a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír naquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

- b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores,

representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

- c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
- d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
- e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

SEGUNDO: Que non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa persoa ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar ao procedemento de concesión.

TERCEIRO: Que se compromete a poñer en coñecemento do órgano de comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

CUARTO: Coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.



## ANEXO IV

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

A Federación Galega de Comercio declara responsablemente como **perceptor final** da subvención que

- Comprométese a informar a todas as persoas participantes nas accións formativas de que estas son de **carácter non formal** e están financiadas polo compoñente 20 : Plan estratéxico de Impulso á Formación Profesional, investimento 11: « Reskilling y Upskilling de la población activa ligado a cualificaciones profesionales », no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.



## Anexo V

**Declaración de compromiso, de cesión e tratamento de datos e de ausencia de conflito de intereses orde HPF/1030/2021 en relación coa execución de actuacións do PRTR**

Don/Dona JOSEMARIA FLORENCIO SEIXAS LOPEZ, con DNI 33810002W, como representante da entidade FEDERACION GALEGA DE COMERCIO, con NI F

627770158, e domicilio fiscal en RUA DA MURACCA 52 ENT. D. - LUGO beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR, que participa coma entidade beneficiaria no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución das obxectivos definidos no Compoñente 20: Plan estratéxico de Impulso á Formación Profesional, investimento 1: "Reskilling y Upskilling" de la población activa ligado a cualificaciones profesionales, declara coñecer a normativa que é de aplicación e, en particular, os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, par o que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

a) O compromiso da persoa/entidade que representa cos estándares máis exixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando, de ser o caso, ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do non significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, de ser o caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

b) Así mesmo, declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes puntos do artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia:

1. A letra d) do punto 2: «solicitar, a efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

- I. O nome do perceptor final dos fondos;
- II. O nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adjudicador de conformidade co dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- III. Os nomes, apelidos e datas de nacemento das persoas titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- IV. Unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Punto 3: «Os datos persoais mencionados no punto 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, punto 2, e 23, punto 1.



No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme o marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

c) Que na actuación obxecto da axuda solicitada a persoa beneficiaria non está incurso en ningún conflito de interese potencial que poida ir en contra dos intereses financeiros da UE.

### Anexo VI

#### Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona JOSE MARIA FLORENCIO SEIDAS LAPA DNI 33810002W, como representante da entidade FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, con NIF 6-2170158, e na súa representación Don/Dona ....., con DNI ....., beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR, que participa coma entidade adxudicataria no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución das obxectivos definidos no Compoñente 20: Plan estratéxico de Impulso á Formación Profesional, investimento 1: "Reskilling y Upskilling de la población activa ligado a cualificaciones profesionales", manifesta o compromiso da persoa/entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e autoridades que proceda os incumprimentos observados.

## Anexo VII

### Declaración do cumprimento en materia de comunicación, logos e emblema

#### A ENTIDADE SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

As obrigas dos destinatarios finais da financiación, resulta aplicable o artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241: Os perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe desta financiación e velasen por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiación adecuada que indique "financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU".

Os proxectos que se executen baixo o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia deben mostrar o logotipo oficial do Plan, ademais do emblema da Unión Europea acompañado do texto "Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU". Aplicación do emblema da Unión Europea en convivencia co resto de logotipos: o emblema debe figurar polo menos de maneira tan destacada e visible como os demais logotipos. Pódese descargar o manual de imaxe de marca na seguinte ligazón: [https://planderecuperacion.gob.es/sites/default/files/2021-12/Manual\\_marca\\_logos\\_Plan\\_de\\_Recuperacion.pdf](https://planderecuperacion.gob.es/sites/default/files/2021-12/Manual_marca_logos_Plan_de_Recuperacion.pdf)

A continuación, móstrase un exemplo da orde de maquetación:



## Anexo VIII Solicitud de anticipo

### DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome / Razón social	NIF

(só para a fase de xustificación)

### E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF

### SOLICITA

Que lle sexa concedido, para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia un anticipo da subvención polo seguinte importe:

### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA CON ESTA SOLICITUDE

- Anexo IX Declaración doutras axudas

Porcentaxe do anticipo solicitado  %

Importe da garantía  %

(o importe da garantía será do 110% do importe do anticipo solicitado)

## Anexo IX

### Declaración doutras axudas (só para a fase de xustificación)

#### DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome / Razón social	NIF

#### E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF

#### OUTRAS AXUDAS

Convocatoria	Organismo	Código expediente	Data	Importe